

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

6755 *Real decreto 458/2010, do 16 de abril, polo que se modifica o Estatuto da entidade pública empresarial Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, aprobado polo Real decreto 2395/2004, do 30 de decembro.*

A Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, modificou numerosas disposicións con rango de lei en concordancia cos principios establecidos na lei que complementa e desenvolve e na Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro, relativa aos servizos no mercado interior, que a dita lei incorporou ao noso ordenamento xurídico.

O artigo 24 da citada Lei 25/2009 modificou a Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, dando nova redacción aos seus artigos 21, 40, 41, 78 e 79, engadindo ao seu texto unha nova disposición transitoria sétima e modificando o seu anexo. Estas modificacións afectan a regulación da prestación dos servizos adicionais, complementarios e auxiliares no sector ferroviario, que agora se liberalizan en boa medida suprimindo trámites e reducindo cargas administrativas.

Esta modificación da Lei do sector ferroviario obriga a modificar en concordancia as disposicións regulamentarias afectadas polos cambios producidos na Lei sectorial ferroviaria antes citada. Unha destas disposicións é o Real decreto 2395/2004, do 30 de decembro, polo que se aproba o estatuto da entidade pública empresarial Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, que debe modificarse puntualmente en catro epígrafes, tres do artigo 3 e outro do artigo 16, do texto do estatuto, referidos a competencias da entidade pública empresarial Administrador de Infraestruturas Ferroviarias en materia de tarifas pola prestación de servizos ferroviarios adicionais, complementarios e auxiliares. Estas modificacións constitúen o obxecto do presente real decreto.

Na súa virtude, por iniciativa do ministro de Fomento e por proposta das ministras da Presidencia e de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 16 de abril de 2010,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Estatuto da entidade pública empresarial Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, aprobado polo Real decreto 2395/2004, do 30 de decembro.*

Un. O número 1 do artigo 3 do Estatuto da entidade pública empresarial Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, aprobado polo Real decreto 2395/2004, do 30 de decembro, modifícase nas súas letras k, l e m, que queda redactadas do seguinte modo:

«k) A prestación de servizos adicionais e, de ser o caso, de servizos complementarios e auxiliares de transporte ferroviario.

l) A elevación ao Ministerio de Fomento das propostas de tarifas pola prestación de servizos adicionais e complementarios, e a fixación dos prezos dos servizos auxiliares.

m) O cobramento dos canons por utilización das infraestruturas ferroviarias e, de ser o caso, das tarifas pola prestación dos servizos adicionais e complementarios e dos prezos pola prestación dos servizos auxiliares.»

Dous. A letra p) do número 1 do artigo 16 do Estatuto da entidade pública empresarial Administrador de Infraestructuras Ferroviarias, aprobado polo Real decreto 2395/2004, do 30 de decembro, queda redactada do seguinte modo:

«p) Aprobar as propostas de tarifas por prestación de servizos adicionais e complementarios para elevar ao Ministerio de Fomento e fixar os prezos pola prestación de servizos auxiliares.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 16 de abril de 2010.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ